



## ACTA DA COMISIÓN PARITARIA DO CONVENIO COLECTIVO DE RESIDENCIAS PRIVADAS DA TERCEIRA IDADE

En Santiago de Compostela, sendo as 11.00 horas do 31 de maio de 2019, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, reúnen-se as persoas abaixo sinaladas.

### REPRESENTACIÓN EMPRESARIAL

D<sup>a</sup> Lucía del Campo Redondo (AGARTE)  
D. Borja Ríos González (AGARTE - Asesor)  
D. José Manuel Pazos Seco (AGARTE)  
D<sup>a</sup>. Lorena Martínez Villaverde (ACOLLE)

### REPRESENTACIÓN SOCIAL

#### CC.OO.

D. Alfonso García Blanco  
D<sup>a</sup> María Isabel Salgado Fandiño  
D<sup>a</sup> Mar Fernández Faro

#### CIG

A representación de CIG nesta Comisión Paritaria xustifica a súa ausencia por causas imprevistas e xustificadas de última hora.

#### UGT

D. Javier Martínez Fente

O obxecto desta xuntanza e dar resposta á consulta formulada por D. Ángel Cameselle Corbacho, actuando en calidade de Secretario Xeral da Federación de Sanidade do S.N. de CCOO de Galicia, sobre o disposto no artigo 41 do Convenio Colectivo de Residencias Privadas da Terceira Idade de Galicia.

Logo do oportuno debate e exposición de posturas e pareceres, esta Comisión Paritaria acorda por maioría das partes que, consonte ao reflectido no artigo 41 do Convenio colectivo do sector de Residencias Privadas da 3<sup>a</sup> Idade de Galicia, cuxo contido se reproduce de seguido, facendo a interpretación sobre o propio texto do convenio a continuación:

#### Artigo 41. Licenzas

O/a traballador/a, logo de aviso e xustificación, poderá ausentarse do traballo con dereito a remuneración polos motivos e tempos seguintes:

a) 15 días naturais por matrimonio.

*[Handwritten signature]*  
AGARTE

*[Handwritten signature]*  
CCOO

*[Handwritten signature]*  
CCOO

*[Handwritten signature]*  
UGT

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*  
CCOO

- b) 1 día por matrimonio de fillo.
- c) 1 día por matrimonio de irmáns e cuñados.
- d) 5 días en caso de falecemento do cónxuxe ou de fillos de calquera dos cónxuxes.
- e) 4 días por nacemento de fillo ou adopción dun menor de tres anos.
- f) 3 días por falecemento de pais de calquera dos cónxuxes.
- g) 1 día por matrimonio de pais.
- h) 2 días en caso de accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario, dos parentes a que se refiren os puntos anteriores, podéndose ampliar ata 7 días cando por tal motivo o/a traballador/a precise facer un desprazamento.
- i) 2 días por falecemento dos avós, netos, tíos, sobriños e curmáns que vivan no mesmo domicilio, senón, 1 día.
- j) 1 día, ampliable a dous por traslado de domicilio.
- k) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber de carácter público e persoal, inescusable.
- l) Polo tempo indispensable debidamente xustificado para someterse a exames en centros de ensino. O/a traballador/a gozará deste permiso o día natural no que teña o exame, se presta os seus servizos en xornada diúrna ou vespertina. Se o/a traballador/a traballa de noite, o permiso gozase na noite anterior ao exame.
- m) 2 días por falecemento de irmáns e cuñados.
- n) Polo tempo indispensable para asistir a consulta médica do SERGAS, sempre que sexa debidamente xustificada debendo acreditarse correctamente a hora de inicio e final da consulta.

As referencias que nos apartados anteriores do presente artigo se fan a cónxuxe, entenderanse aplicables, así mesmo, a parellas que de maneira estable e en situación de feito asimilable ao matrimonio convivan co traballador/a, e previa certificación de convivencia que acredite dita situación.

Todos os puntos deste artigo se ampliarán en dous días máis sempre que obriguen a desprazamentos fóra da Comunidade Autónoma.

En relación co apartado a), o permiso consistirá en 15 días naturais que se comezarán a desfrutar o primeiro día laborable da persoa traballadora desde o feito causante

Nos Apartados b) c) e g), o permiso se desfrutará o día no que se produza o feito causante

Nos Apartados d) e) f) i) j) m), este permiso se desfrutará en días laborables da persoa traballadora dende o feito causante.

No Apartado h), dous días en caso de accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario de familiares conforme ao establecido anteriormente se desfrutarán en días laborables da persoa traballadora desde o feito causante. No caso de ampliación por desprazamento ata os 7 días estes serán naturais e se desfrutarán desde o primeiro día laborable desde o feito causante.

Nos apartados k), l) e n), o permiso se desfrutará polo tempo indispensable no propio día do feito causante.

Respecto do disposto no último parágrafo do artigo 41, na ampliación referida de dous días no caso de desprazamentos fora da Comunidade autónoma, se considerará que estes días son días naturais.

Sen outro particular, levántase a presente xuntanza ás 14 h, asinándose esta polas partes en proba de conformidade.

*[Handwritten signature]*  
Abel P. P. T.

*[Handwritten signature]*  
CCOO

*[Handwritten signature]*  
CC-00

*[Handwritten signature]*  
UGT

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*